

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 5 de outubro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan dúas bolsas de formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior (código de procedemento PE609E).

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1 establece como obxectivo xeral o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo), atribúe a esta as competencias en materia de investigación mariña que desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

Tendo en conta este marco, e a importancia da investigación científica e a formación en ciencias mariñas no desenvolvemento económico de Galicia, nesta orde procédese á convocatoria de bolsas para que persoas con titulación universitaria de licenciada/o ou de grao complementen os coñecementos teóricos adquiridos nos seus estudos cunha formación en investigación mariña, garantindo, por unha parte, a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de investigación facilitándolles unha preparación práctica cualificada, que é de probada utilidade para a súa inserción posterior na vida laboral, e, por outra, a formación en investigación mariña para realizar teses.

A Consellería do Mar, dentro da súa estrutura orgánica e dependendo funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, conta co Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) como organismo público autonómico de investigación non universitario de Galicia. Este centro está estruturado nas áreas de acuicultura, de patoloxía de moluscos, de procesos oceanográficos costeiros e de recursos mariños, e conta cunha ampla experiencia en completar a formación de persoal con titulación superior no mundo da investigación mariña.

En consecuencia e de acordo co disposto no artigo 30.1.1 e 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación,

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



DISPOÑO:**Artigo 1. *Obxecto da convocatoria***

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras que rexerán a convocatoria de bolsas para completar a formación de persoas con titulación universitaria de licenciada/o ou de grao no campo da investigación mariña, así como convocar dúas bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva, para os anos 2023, 2024 e 2025 (código de procedemento administrativo PE609E).

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas bolsas as persoas solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao en bioloxía ou ciencias do mar. As persoas solicitantes deberán estar en posesión do título ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición ao remate do prazo de presentación de solicitudes e ter rematados os estudos conducentes a esta titulación no ano 2020 ou posterior.
2. Ter nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser persoa estranxeira con permiso de residencia en España no momento de solicitar a bolsa e con dominio dalgunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir a realización normal da actividade formativa obxecto das bolsas que se convocan.
4. Non desfrutar anteriormente doutra bolsa de formación para a especialización en materias de investigación mariña na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, excepto que no conxunto das convocatorias anteriores gozasen da bolsa por un período de tempo non superior a 5 meses.
5. Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.
6. Non ter a titulación de doutor/a, nin atoparse matriculado nun programa de doutoramento do sistema universitario nacional.
7. Estar en posesión do permiso de condución de vehículos de categoría ou clase B.



Artigo 3. *Condicións e incompatibilidades*

1. As persoas adxudicatarias adquiren exclusivamente a condición de bolseiras, coas obrigas e dereitos delas e conforme a estas bases, sen ningún outro vínculo laboral ou administrativo co órgano convocante nin coas entidades en cuxas dependencias se leve a cabo a formación.

2. A percepción desta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada por calquera Administración, institucións ou entes públicos, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria das persoas interesadas.

Artigo 4. *Número, duración, importe e lugar de realización das bolsas*

1. O número de bolsas será de dúas, que se adxudicarán de acordo co baremo indicado no artigo 10 desta convocatoria.

2. As bolsas terán unha duración de dous anos a partir da data de incorporación que se estableza na resolución de concesión e sen posibilidade de prórroga.

3. O importe bruto mensual de cada bolsa será de mil douscentos euros (1.200,00 €).

4. Para a concesión destas bolsas destinarase un crédito de cincuenta e sete mil seiscientos euros (57.600,00 €). O seu financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 15.03.561A.480.0 (proxecto 2013 00688) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2023 (4.800,00 €), 2024 (28.800,00 €) e 2025 (24.000,00 €).

5. En cumprimento do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social por continxencias comúns e profesionais, destinaranse, respectivamente, nos anos 2023 (300,00 €), 2024 (1.920,00 €) e 2025 (1.700,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.561A.484.0 (proxecto 2013 00688) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Con este obxecto, aplícanse as regras de cotización correspondentes aos contratos para a formación e aprendizaxe establecidas na respectiva Lei de orzamentos xerais do



Estado e nas normas de aplicación e desenvolvemento. O cálculo das cotizacións faise tomando como referencia a cota empresarial para o ano 2023, máis unha cantidade adicional para posibles incrementos producidos por altas e baixas na mesma bolsa e no mesmo mes.

7. As bolsas realizaranse no Centro de Investigacións Mariñas de Corón (Vilanova de Arousa) e distribuiranse do seguinte xeito:

Centro	Materia de especialización	Número de bolsas
Centro de Investigacións Mariñas-Corón	Cultivo de fitoplancto e moluscos bivalvos-Sistemas de cultivo	1
	Recursos mariños-Dinámica de poboacións	1

Artigo 5. *Presentación das solicitudes e prazo*

1. As persoas solicitantes deste procedemento dispoñen da capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, polo que queda acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, segundo o establecido no artigo 10.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia: «do mesmo xeito, e de conformidade co artigo 16.5 da lei 39/2015, do 1 de outubro, regulamentariamente poderase establecer a obriga de presentar determinados documentos por medios electrónicos para certos procedementos e colectivos de persoas físicas respecto dos cales, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen o acceso e a dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios».

2. De acordo co disposto no punto 1, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

As solicitudes, xunto coa documentación adicional requirida, deberán dirixirse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



4. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

6. Será motivo de exclusión que unha mesma persoa presente solicitudes para as dúas especialidades.

Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación, acompañada dun índice, e ordenada segundo se indica:

a) Certificación académica completa dos estudos realizados, con detalle das materias cursadas e das cualificacións obtidas, en que conste a nota media do expediente académico da titulación.

b) Xustificación do pagamento dos dereitos de expedición no caso de non ter o título académico de licenciada/o ou grao.

c) Poder de representación da persoa representante, de ser o caso. A representación acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Currículo da persoa solicitante, acompañado dos documentos acreditativos dos méritos alegados (debidamente relacionados e paxinados). Non serán computables aqueles méritos alegados que non estean convenientemente xustificados.

e) Certificado de Celga 4 ou equivalente, no caso de non estar expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

f) No caso de persoas estranxeiras, certificado de residencia con data da última variación de empadramento da persoa solicitante.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sen prexuízo do sinalado nos puntos anteriores, poderá requirirse a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos e aclaracións resulten procedentes para a tramitación do procedemento.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos pra-

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



zos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Serán causas de exclusión a demostración da falsidade documental, a non correspondencia cos orixinais e a incorrección na documentación presentada.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante, se for o caso.
- c) NIF da persoa representante, se for o caso.
- d) Verificación de títulos oficiais universitarios.
- e) Datos de matrícula universitaria.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- h) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- i) Condición de persoa bolseira.
- j) Certificado do Celga 4 ou equivalente, expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- k) Permiso de condución de vehículos de categoría ou clase B.
- l) Concesións de subvencións e axudas.
- m) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento, polas persoas interesadas, da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Procedemento de selección e criterios de valoración

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración que se determinan a seguir.

2. As persoas adxudicatarias serán as que acaden unha maior puntuación como consecuencia da suma dos puntos obtidos nas dúas fases das que consta o proceso de selección. A puntuación máxima será de quince puntos.

3. A primeira fase valorarase de cero a dez puntos. A Comisión de Valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados documentalmente, conforme o seguinte baremo:

A. Expediente académico: un máximo de 6 puntos pola nota media no título con que concorre:

Matrícula de honra: 6 puntos.

Sobresáinte: 5 puntos.

Notable: 3 puntos.

Aprobado: 1 punto.

Forma de acreditación: certificación académica.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



B. Formación complementaria recibida. Un máximo de 4 puntos conforme o seguinte baremo:

a) Por cada título universitario de máster universitario ou certificado-diploma de estudos avanzados, 1 punto. Por cada curso de experta/o ou especialista universitario, 0,50 puntos, ata un máximo de 1 punto neste epígrafe.

Os máster, ou cursos de experto/a ou especialista avanzado deben ter relación directa co programa formativo establecido no artigo 1 das bases reguladoras. Para que poidan ser valorados, o contido destas titulacións ou cursos debe estar relacionado directamente co dito programa formativo en, polo menos, a metade de horas ou créditos.

Forma de acreditación: copia dos títulos, pagamento dos dereitos para a súa expedición ou certificados de participación nas actividades formativas.

b) Por cada curso de formación en materia de bioloxía mariña ou en informática: desde un mínimo de 20 horas ata un máximo de 40 horas, 0,25 puntos; de máis de 40 horas, 0,50 puntos; ata un máximo de 1 punto neste epígrafe.

Forma de acreditación: copia dos títulos ou certificados de participación nas actividades formativas. Para estes efectos, non se valorarán as materias que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica nin os cursos que non acrediten as horas lectivas.

Non se valorarán as titulacións en materias deportivas, de lecer ou de ocio.

c) Linguas estranxeiras: tómase como referencia o MCERL (Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa) e o Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro (BOE do 23 de decembro).

Polo coñecemento do idioma inglés, francés, alemán e/ou portugués: ata un máximo de 2 puntos nesta epígrafe. A valoración do certificado de aptitude de nivel superior exclúe a do/dos certificado/s de nivel inferior da mesma lingua.

Por certificado de aptitude de nivel C1 ou C2: 0,50 puntos.

Por certificado de aptitude de nivel B1 ou B2: 0,25 puntos.

Por certificado de aptitude de nivel A1 ou A2: 0,15 puntos.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



Forma de acreditación: copia do título ou certificado correspondente expedido pola escola oficial de idiomas ou institución ou centro recoñecido oficialmente. Para estes efectos, non se valorarán as materias que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica.

Todos os méritos recollidos neste artigo se computarán ata a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Só se valorarán aqueles méritos acreditados documentalmente pola persoa solicitante e acompañados á súa solicitude. A puntuación desta primeira fase obterase da suma do expediente e da formación complementaria.

4. Unha vez avaliados pola Comisión de Valoración os méritos acreditados documentalmente, exporase no taboleiro de anuncios da Consellería do Mar e na súa páxina web unha lista provisional ordenada polas puntuacións outorgadas na primeira fase. Contra estas puntuacións poderanse presentar reclamacións no prazo de cinco días contados a partir do seguinte á exposición na páxina web. Non se terá en conta, neste prazo de reclamacións, a achega de novos méritos que non fosen acreditados documentalmente no prazo de presentación das solicitudes.

Despois de resolverse as reclamacións, publicarase na páxina web da Consellería do Mar a lista definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e convocaranse os dez primeiros aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos a unha entrevista persoal correspondente á segunda fase do proceso de selección.

No caso de que cos criterios enunciados anteriormente exista igualdade de puntuación, o posible empate resolverase por orde alfabética e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra V, en referencia ao establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 23 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 18, do 26 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración Autónoma de Galicia.

5. A segunda fase consistirá nunha entrevista que se valorará de cero a cinco puntos. As persoas preseleccionadas serán convocadas, mediante publicación na páxina web da Consellería do Mar, a realizaren unha entrevista persoal coa Comisión de Valoración na sede do Centro de Investigacións Mariñas de Corón (Vilanova de Arousa), na cal se valorará a súa capacidade de resposta, motivación e iniciativa. De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



6. Logo de realizar as entrevistas, a Comisión de Valoración elaborará a relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación, que se publicará na páxina web da Consellería do Mar.

A Comisión de Valoración elaborará unha lista de suplentes para cada especialidade, por orde decrecente de puntuación, na cal figurarán as persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos, non acadaron puntuación suficiente para seren adxudicatarias de bolsa.

Artigo 11. *Tramitación e resolución*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Coordinación e Apoio á Xestión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. O órgano instructor comprobará que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos na presente orde e exporase a lista de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando, se é o caso, as causas de exclusión, na páxina web oficial da Consellería do Mar; enderezo www.mar.xunta.gal

A lista permanecerá exposta durante dez días, e as persoas interesadas poderán, durante ese prazo, emendar erros e falta de documentación, ante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, procederase conforme o establecido no artigo 68 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Unha vez completados os expedientes, remitiranse á Comisión de Valoración constituída na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que os examinará e valorará, logo de aplicar os criterios indicados no artigo 10.

3. Comisión de Valoración.

A selección de candidatos será efectuada por unha comisión que estará integrada por:

– Presidente/a: a persoa que ocupe a dirección do CIMA.

Suplente do/da presidente/a: a persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico.

– Secretario/a: actuará como tal un dos membros da Comisión de Valoración.

– Vogais: serán catro persoas designadas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, entre o persoal funcionario da Consellería do Mar pertencente ao grupo A1.



4. A Comisión de Valoración considerárase constituída cando asistan o/a presidente/a ou a persoa que figura como suplente e dúas das persoas que sexan designadas como vogais. De acordo co recollido no artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia a Comisión de Valoración poderá celebrar sesións mediante videoconferencia ou outros medios electrónicos válidos para estes efectos.

5. Logo de avaliar as solicitudes presentadas, a Comisión de Valoración elevaralle ao órgano instructor a relación coas dúas persoas propostas e a relación de suplentes por especialidade, segundo a orde de prelación acadada de acordo cos criterios de valoración fixados no artigo 10. Tal órgano instructor fará chegar a correspondente proposta de adxudicación e a listaxe de suplentes para cada especialidade á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, quen resolverá, por delegación do conselleiro do Mar, a concesión das bolsas. Na dita resolución figurará unha persoa beneficiaria por cada bolsa, así como unha relación de suplentes con todas as persoas solicitantes admitidas, de maior a menor puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir. Así mesmo, a resolución determinará de forma expresa a desestimación do resto de solicitudes.

6. Esta resolución farase pública, para os efectos de notificación ás persoas interesadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na páxina web oficial da Consellería do Mar, enderezo www.mar.xunta.gal

Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

7. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de catro (4) meses, contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. De non mediar resolución expresa no dito prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Artigo 12. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da devandita lei, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 13. *Aceptación da bolsa*

1. Dentro dos dez días naturais seguintes á publicación da resolución de concesión na páxina web oficial da Consellería do Mar, enderezo www.mar.xunta.gal, as persoas beneficiarias das bolsas deberán comunicar a súa aceptación ou renuncia mediante documento asinado polo/a bolseiro/a. No caso de comunicar a súa aceptación, o bolseiro/a deberá comprometerse a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases. De non facelo no prazo indicado, considerarase tacitamente aceptada a bolsa e as condicións recollidas nestas bases, de conformidade co artigo 21.5, parágrafo segundo, da Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo de achegar a documentación sinalada nos puntos 2 e 3 deste artigo.

2. Así mesmo, presentarán declaración responsable en que conste que non goza doutro tipo de bolsa ou axuda financiada por calquera Administración, institucións ou entes públicos; así como que non percibe soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

3. Tamén, coa aceptación da bolsa, presentarán certificación médica acreditativa de non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir a realización normal da actividade formativa obxecto das bolsas.

4. Do mesmo xeito, de non comparecer no centro de destino no tempo estipulado, o nomeamento quedará sen efecto e será motivo de exclusión na seguinte convocatoria. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro procederá ao chamamento de suplentes para cubriren estas prazas.

5. A aceptación da bolsa supón o compromiso implícito de manter a confidencialidade da información obtida no desenvolvemento das actividades obxecto destas bolsas, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 14. *Pagamento das bolsas e xustificación*

1. As bolsas aboaranse mensualmente, por mensualidades completas ou fracción proporcional ao tempo do goce, para os casos en que a persoa inicie ou remate a súa relación



en data que non coincida co primeiro ou co derradeiro día de cada mes respectivamente. É necesario, para proceder ao pagamento mensual, que o/a director/a do CIMA certifique a actividade dos/das bolseiros.

2. O pagamento da última mensuralidade quedará pendente ata que a persoa beneficiaria presente a memoria final que resuma a actividade realizada por esta durante todo o período de aproveitamento da bolsa, co visto e prace do titor/a da formación, así como dunha declaración de todas as bolsas concedidas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes, ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades durante o período de goce da concedida ao abeiro desta orde. O prazo máximo para a presentación do informe final coa memoria das actividades será entre o primeiro día e o último día hábil do mes do remate da vixencia da bolsa.

3. Así mesmo, as persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 15. *Obrigas das persoas bolseiras*

1. As persoas bolseiras deberán desempeñar actividades de formación e de colaboración en relación coas tarefas das áreas á que se adscriban.

2. Co fin de facilitar o seu proceso de formación, as persoas bolseiras contarán co asesoramento, orientación e dirección dun/dunha titor/a, que definirá as tarefas que se van realizar, así como a formación que deberán recibir segundo o plan de formación do centro. Será obrigatoria a realización e superación das actividades de formación indicadas.

3. As persoas beneficiarias deberán manter unha actitude participativa, de colaboración e respectuosa co persoal do centro, sen obstrución das tarefas encomendadas nos diferentes servizos. Respetarán os horarios, normas e disciplina do centro onde desenvolven a súa formación.

Artigo 16. *Desenvolvemento das bolsas*

1. Por petición das persoas interesadas, ao remate da bolsa a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, logo de informe favorable do/da titor/a de formación e entrega dos informes e memorias solicitadas, expedirá certificación acreditativa de aproveitamento da bolsa.

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



2. Unha vez rematado o período de goce da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano, procederase á eliminación da documentación non recollida.

Artigo 17. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación da resolución de concesión.

Artigo 18. Renuncias, revogación, interrupcións e reintegro de cantidades

1. A renuncia á bolsa, unha vez iniciado o período de goce desta, deberá comunicarse con 10 días de antelación á data na que se solicita que sexa efectiva a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas en exceso, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa á que se renuncia.

2. A persoa titora da titular da bolsa poderá propor á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a revogación da bolsa por falta de dedicación ou incumprimento das obrigas sinaladas.

3. As vacantes ocasionadas por renuncia ou revogación poderán cubrirse, polo período de goce restante, coa persoa candidata suplente correspondente, tendo en conta a lista de suplentes para cada especialidade elaborada pola Comisión de Valoración. Excepcionalmente, de esgotárense as persoas suplentes dalgunha das especialidades, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá establecer a incorporación como bolseiro/a da primeira persoa suplente daquela lista que, a criterio da unidade de destino, mellor se axuste á finalidade e obxectivos do centro.

4. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar, en ningún caso, á posibilidade de recuperar o período interrompido.

5. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora, cando procedan, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 19. Réxime sancionador

As infraccións administrativas cometidas en relación coas bolsas reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. Réxime xurídico

Para todos aqueles aspectos non previstos nas presentes bases aplicarase a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Será de aplicación o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Artigo 21. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro da orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Disposición adicional única

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar os actos e as instrucións necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2023

Alfonso Villares Bermúdez
Conselleiro do Mar

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MAR

ANEXO I

PROCEDIMENTO		CÓDIGO DE PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN MARIÑA DE PERSOAS CON TITULACIÓN SUPERIOR		PE609E	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
TIPO DE IDENTIFICACIÓN		PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN		Nº DE IDENTIFICACIÓN			
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
PAÍS DE RESIDENCIA							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
TIPO DE IDENTIFICACIÓN		PAÍS EMISOR IDENTIFICACIÓN	Nº DE IDENTIFICACIÓN
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Non atoparse matriculado nun programa de doutoramento do sistema universitario nacional.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Certificación académica completa dos estudos realizados, con detalle de materias e cualificacións obtidas, en que conste a nota media do expediente académico de titulación.			
☐ Xustificación do pagamento dos dereitos de expedición no caso de non ter o título académico de licenciada/o ou grao.			
☐ Poder de representación da persoa representante, de ser o caso. A representación acreditarase por calquera dos medios do artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.			
☐ Currículo cos documentos acreditativos dos méritos alegados, debidamente relacionados e paxinados.			
☐ Certificado de Celga 4 ou equivalente no caso de non estar expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.			
☐ Certificado de residencia con data da última variación de empadramento da persoa solicitante, só no caso de persoas estranxeiras.			



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante.	☐
DNI/NIE da persoa representante, se for o caso.	☐
Verificación de títulos oficiais universitarios.	☐
Datos de matrícula universitaria.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.	☐
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.	☐
Condición de persoa bolseira.	☐
Certificado de Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.	☐
Permiso de condución de vehículos de categoría ou clase B.	☐
Concesións de subvencións e axudas.	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	☐ Si ☐ Non
NIF da persoa representante, se for o caso.	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 5 de outubro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan dúas bolsas de formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior (código de procedemento PE609E).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral Desenvolvemento Pesqueiro

CVE-DOG: c1mm2bb7-qfm7-xqe9-eu91-kmkm6652hdn3

